



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 4 DE XUÑO DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:40 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: Carmela Carrillo García, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzo Modia, Salvador Naya Fernández e Fernando Agrasar Quiroga.

### 1. Informe do Reitor

#### O reitor

Toma a palabra o reitor para dar a benvida aos novos membros do Consello de Goberno: Jaime Rodríguez-Obanza Carro – representante do Consello Social, María José Parga Massa – representante da Xunta de Persoal de PAS e María Leticia Eirín García – representante do PDI laboral, e expresa o seu agradecemento aos que deixan de pertencer a este órgano.

De seguido informa dos seguintes asuntos:

No mes de abril constituíuse a Asociación de Universidades da CRUSOE, transformando así as reunións informais realizadas ata entón e cos obxectivos de realizar proxectos conxuntos e a dinamización das rexións incluídas nesta asociación. Así a UDC, con asentimento do Consello de Goberno, para a ser socia promotora da Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo CRUSOE, designando ao reitor como representante na mesma e ratificando as actuacións realizadas por este con ocasión do acto fundacional da Asociación realizado en Burgos.

No último Claustro Universitario houbo unha intervención dunha estudante solicitando que a UDC se adhira á Declaración do estado de emerxencia climática e ecolóxica. O pasado venres tivo entrada no rexistro un documento asinado por M<sup>a</sup> Bañón Goiriz, quen por invitación do reitor intervéñ para presentar o documento, que foi incluído na documentación posta a disposición dos membros do Consello de Goberno.

Logo da intervención de María Bañón, o reitor indica que o equipo de goberno o fai seu e solicita a adhesión do Consello de Goberno para a súa aprobación como declaración institucional, con apenas un cambio ao eliminar a referencia a colectivos específicos.

O documento da Declaración do estado de emerxencia climática e ecolóxica é aprobado por unanimidade segundo figura no **anexo III** da presente acta.

A seguir, dá a palabra ao resto dos integrantes do equipo de goberno.

**O reitor por ausencia do vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informa dos seguintes asuntos:

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		





1.- **Axudas para investigación 2019.** Resolvéronse as distintas axudas para congresos, estadias, reunións de investigadores, etc ... Están xa publicadas na web da vicerreitoría, logo de ser aprobadas pola Comisión de Investigación.

2.- **Convocatoria INTERREG.** Nesta última convocatoria concedéronse 3 proxectos. Ao investigador Luis Cea, e dous institucionais unha á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e a outra a nosa OTRI. O financiamento alcanza os 400.000€.

3.- **Selo europeo sobre boas prácticas en contratación HRS4R:** Fíxose a avaliación externa do selo. Enviouse a Internal Review do HRS4R para a avaliación na web de Euroaxes corrixindo as accións de mellora. Os documentos están na web da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

<https://www.udc.es/en/investigacion/hrs4r/>

Aí están distintos documentos que se foron xerando, así como toda a documentación enviada o HRS4R.

## Eventos:

1.- **Xornada sobre Retorno de Talento:** O CITIC acollerá o vindeiro 13 de xuño a xornada "Retornando talento emigrado", organizada xunto co Consello Social da Universidade da Coruña. O obxectivo é poñer en valor a mobilización internacional do persoal docente e investigador e, sobre todo, o impulso de iniciativas que fan posible o regreso destes profesionais como é o caso do programa InTalent.

## Xornada "Oportunidades para ciencia excelente en H2020"

Do 14 de xuño de 2019 ás 09:45 ás 13:30. Sala Cloud do CITIC, Campus de Elviña

O 14 de xuño na sala Cloud do CITIC acollerá a xornada "Oportunidades para ciencia excelente H2020". Está organizada pola OTRI da Universidade da Coruña, coa colaboración do CITIC, a Oficina Europea e a Xunta de Galicia.

A xornada inclúe a presentación da convocatoria Future & Emerging Technologies (FET) así como das convocatorias ERC StG, CoG, AdG e Synergy Grants a cargo de Nicolás Ojeda Belmar, Punto Nacional de Contacto do programa FET. Contarase tamén coa experiencia de Carlos Gómez, investigador do CITIC da UDC beneficiario dunha ERC StG, para achegar a súa visión como investigador nestas convocatorias.

Por último María José Mariño Fontenla, Directora de Área de Centros da Axencia Galega de Innovación ( GAIN), presentará o Programa Oportunius como posibilidade de consolidación para investigadores excelentes.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informou dos seguintes asuntos:

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	2/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		





- 13/05/2019. Integrouse no corpo de Titular de Universidade un profesor do INEF, ao ter acadada a acreditación a esa categoría. Esta integración realizase en virtude do disposición 17ª da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril.
- 13/05/2019. Remitiuse unha solicitude de integración no corpo de Titular de Universidade un profesor do INEF interino, ao ter acadada a acreditación a esa categoría. O Servizo de PDI vai a estudar se esta integración esta amparada pola disposición 17ª da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Publicación da Resolución definitiva da Convocatoria de Bolsas de renovación e de nova adxudicación para estudos de Másteres Universitarios Oficiais na Universidade da Coruña, curso 2018/2019. Segunda Resolución da Convocatoria de axudas para o estudiantado da Universidade da Coruña en situación de dificultades económicas, curso 2018/2019. Resolución definitiva de solicitudes concedidas, en listaxe de agarda e denegadas da Convocatoria de bolsas de carácter xeral do plan propio da Universidade da Coruña destinadas ao aloxamento dos estudantes para o curso 2018/2019. Resolución de adxudicatarios da Convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para deportistas de alto nivel, curso 2018/2019. Resolución definitiva de adxudicación de prazas, listaxe de agarda e persoas excluídas da Convocatoria SICUE 2019/2020. Tamén se publica a 13.ª convocatoria de axudas para os estudantes clasificados en primeiro, segundo ou terceiro posto nas olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional. Premios da Universidade da Coruña á excelencia académica no Bacharelato e nos Ciclos Formativos de Grao Superior, curso 2019/2020.

A Universidade da Coruña ampliou na primeira quincena de xuño en dúas horas o horario extraordinario das aulas de estudo do Centro Universitario de Riazor (CUR) e do Edificio de Apoio ao Estudo, en Ferrol a petición do alumnado.

Comezou este mes, roteiros por Ferrol co “Ferrol coas Irmandades da Fala”.

O Espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña, NORMAL, acolle o RESIS, a segunda edición do festival anual de Música Contemporánea e artes relacionadas ao longo do mes de maio.

A Unidade de Divulgación Científica coordinou a participación da Universidade da Coruña no festival Pint of Science onde impartíuse diversas charlas divulgativas de profesorado da UDC.

As alumnas da Universidade da Coruña acadaron uns excelentes resultados en diferentes modalidades deportivas dos Campionatos de España Universitarios 2019:

Medallas de prata

Paula Iglesias Garnelo (400 m) no CEU de Atletismo en Castellón

Ana Mª Pajarrón Puga (400 m.v.) no CEU de Atletismo en Castellón

Medallas de bronce

<b>Código Seguro De Verificación</b>	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/12
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		





Sara Vázquez Rumbo (kumite -61 kg) no CEU de Karate en Alicante  
Antía Martínez Queimaño (100 m.v.) no CEU de Atletismo en Castellón  
Gema Paz Chapela (pluma -57 kg) no CEU de Taekwondo en Castellón  
Sofía Pérez Riesco (medio -73 kg) no CEU de Taekwondo en Castellón

4º posto:

Eugenia Gil Soriano (Atletismo, 800 m)

5º posto:

Sara García Suárez (Taekwondo)

Sofía Fernández Castro (Atletismo, 3000 obst.)

De seguido, a **vicerreitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

Na área de promoción internacional visitáronnos diversas institucións:

- O 2 de maio de 2019 visitounos o reitor da Universidade de Konin, Miroslaw Pawlak, co obxectivo de aumentar a novas áreas a colaboración entre ambas universidades.
- O 22 de maio recibimos á directora de la EISTI de Po, Francia, Laurence Lamoulié, institución coa que temos titulación dobre no Máster en Computación de Altas Prestacións. Nesta visita propuxéronse novas formas de colaboración como o intercambio de alumnos para facer prácticas nos grupos de investigación.
- Recibimos unha delegación de docentes de La Cag University de Turquía, institución que seleccionou a UDC como posible único socio de España debido á nosa oferta en inglés e ao Plan de Apoio Lingüístico de Docencia en Inglés (PALDI).

No pasado mes de maio asistimos a varios eventos de promoción internacional:

- **NAFSA**, a feira de universidades máis visitada do mundo, onde se traballou a captación de novos estudantes e en convenios de mobilidade, sobre todo para as novas titulacións e para aquelas que teñen destinos insuficientes.
- 20/05/2019 Encontro de Universidades Chinas e Españolas, organizado pola CRUE. Como parte de encontros bilaterais entre sistemas universitarios de diversos países, a Sectorial de Internacionalización e Cooperación da Crue organizou este encontro onde se estableceron contactos con máis dunha ducia de universidades chinas.

**Staff Week.** Do 6 ao 10 de maio, A Semana Internacional que está xa na súa sexta edición, e na que houbo 24 participantes de 17 países, tivo como obxectivo intercambiar experiencias de mobilidade internacional e de xestión por parte do persoal administrativo, compartir exemplos de boas prácticas e dar a coñecer as universidades estranxeiras dentro deste colectivo para poder realizar futuros intercambios de mobilidade. Como novidade nesta staff week contamos tamén con persoal dos equipos de goberno e do PDI de diversas universidades.

**KA103:** Publicouse a resolución da adxudicación final de subvencións de proxectos Erasmus de Mobilidade entre países do Programa para o bienio 2019-2021. O orzamento concedido á UDC é de 1.095.648,00 €, o que supón un incremento dun 15% respecto ao último proxecto, debido ao aumento sostido de mobilidades na UDC, que no caso do noso

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
Observacións		Asinado	31/07/2019 10:11:20	
Url De Verificación	Páxina		4/12	
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>			



persoal foi dun 300% no último año. Este incremento tamén fixo que o SEPIE modificase á alza o número de mobilidades de persoal do proxecto actual 2018- 2020 que pasan de 37 a 60 prazas para o PDI, e para o PAS, que pasan de 6 a 25.

I Premio Profesorado Internacional- O pasado 6 de maio a docente da Facultade de Economía e Empresa, a Dra. Rosa Mariz Pérez , recibiu este premio polo seu traballo na promoción da internacionalización da súa facultade, impulsando a mobilidade tanto do estudantado como do profesorado, polo seu labor no desenvolvemento dos títulos bilingües e dobres títulos e a súa faceta investigadora participando en proxectos internacionais.

Curso sobre internacionalización e xestión da mobilidade co programa MoveON. O 9 e 10 de maio persoal da ORI impartiu un curso ao persoal das administracións dos centros sobre a importancia do PAS na internacionalización de universidade así como sobre a xestión da mobilidade a través do MoveOn.

Formación en Visados. Debido aos recentes cambios na normativa de visados para estudantes na UE, persoal da ORI asistiu a un curso impartido pola UNED sobre as leis de estranxería no territorio Schengen.

Programa de alumnos visitantes. A UDC en colaboración coa Asociación Popular China de Amizade con Países Estranxeiros recibirá a un grupo de estudantes chinos que cursarán materias de administración de empresas, ciencias da saúde e arquitectura, ademais de lingua e cultura españolas. O obxectivo é que estes alumnos alcancen un nivel B2 de español durante a súa estadía e que unha vez conseguido o título de grado nas súas universidades, volvan á UDC a cursar un Máster nalgunha das devanditas áreas.

## ACTIVIDADES DA OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

- Rematou o curso de formación para os alumnos da UDC que van ir con bolsa pola nosa convocatoria PCR para desenvolver proxectos de cooperación en diferentes países. Este ano 17 estudantes serán cooperantes en países como Etiopía, Sao Tomé, Guatemala, Mozambique, Honduras, Palestina, Nepal e Grecia.
- A OCV participou no I Encontro ODS e Terapia Ocupacional, no que se deron a coñecer as temáticas estudadas no Grao de Terapia que promoven o traballo a prol dos ODS.
- Realizáronse varias actividades de sensibilización, algunhas dentro da nosa convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social:
- Recollida de obxectos reciclados das cores da bandeira LGTB como actividade previa á celebración do día do Orgullo na UDC.
- Lanzamento do obradoiro de “arquitecturas ambulatorias” en tres facultades do campus.
- Actividade sobre “comercio responsable” dentro das VII Xornadas da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.
- d. Na facultade de Ciencias tivo lugar a celebración do I Congreso de Alumnado de Primeiro de Ciencias.
- Presentación do proxecto e exposición "Mulleres negras que cambiaron o mundo" a cargo da súa autora Zinthia Alvarez Palomino. A actividade contou cunha palestra e unha exposición entre os días 13 -31 de maio.
- 
- Taller práctico interno para o voluntariado e persoas usuarias dos proxectos con

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	5/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		



persoas migrantes e minorías étnicas do campus de Ferrol.

- A OCV participou nun estudo a nivel estatal sobre “Voluntariado e Universidades” tendo a súa primeira xornada de traballo neste mes de maio en Madrid.


A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

O pasado 2 de maio tivemos unha reunión na Consellería á que acudimos os vicerreitores da UVigo e UDC con competencias en titulacións así como unha representación do equipo de dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, e da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo para explorar as posibilidades de chegar a un acordo para desenvolver un mestrado interuniversitario en Enxeñaría Aeronáutica. Aínda que a UDC sempre estivo aberta a esa oportunidade, desde a Escola de Ourense agora estanse a manifestar contrarios a esa idea e mostraron o seu desexo de que o título non fose interuniversitario, abrindo como única vía de colaboración o convite ao noso profesorado a impartir unha materia ou dirixir algún TFM. Polo tanto, non houbo acordo nesa reunión, así que, se nos vindeiros días, non hai novidades, terá que decidir a Consellería que universidade se encargará de impartir esa docencia. Segundo nos informou o Secretario Xeral de Universidades, apoiará a súa decisión en informes de expertos que lle encargará á ACSUG.

- No mes de maio tiveron lugar as visitas do paneis de avaliadores dos selos internacionais de calidade EUR-ACE e Euro-Inf á Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, e á Facultade de Informática, para avaliar o mestrado en Enxeñaría de Camiños Canais e Portos, e o grao e o mestrado en Enxeñaría Informática.

- Os días 6 e 7 de maio celebráronse nos campus de Ferrol e A Coruña as xornadas sobre o programa Docencia, dirixidas a todo o profesorado que estea interesado en participar no programa.

- O día 16 de maio celebrouse unha reunión na ACSUG onde se trataron distintos temas relacionados co seguimento e a acreditación de títulos de grao, mestrado e doutoramento. Canto á renovación da acreditación de títulos de grao e mestrado (1 grao e 7 mestrados), se nos informou de que se resolvería a finais de xullo. Canto ao seguimento (7 mestrados), resolverase entre xullo e setembro. No tocante á Renovación da certificación da implantación dos SGC (Facultade de Informática e Facultade de Economía e Empresa), se nos informou de que as realizarán no último trimestre do 2019. Sobre o seguimento (Escola Universitaria de Enfermería, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias da Saúde, Facultade de Ciencias do Deporte e a Actividade Física, Escola Universitaria Politécnica), acordouse que irán directamente á renovación do certificado de implantación no 2019/2020. Sobre o Seguimento Institucional, acordouse que o fará a Facultade de Ciencias da Educación en substitución da Facultade de Ciencias. Polo que respecta aos programas de doutoramento, tanto o PD en Química Ambiental e Fundamental como o PD en Computación, que irán ao programa piloto de acreditación de PD, recibirán a visita das comisións de avaliación entre 14 e 31 de outubro. Así mesmo, se nos deron instrucións sobre como proceder para solicitar a moratoria na acreditación dos doutoramentos. Por último, comentouse a problemática dos títulos semipresenciais que, en realidade, non teñen actividades presenciais e solicítase que as universidades definan claramente a diferenza entre títulos semipresenciais e títulos a distancia.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/12	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>			

- O día 27 de maio celebrouse unha reunión na Consellería, á que acudimos a directora do campus Innova, o director do campus Industrial e máis eu, así como representantes das outras dúas universidades do SUG, para facermos unha valoración do STEMbach. Puidemos comprobar que eramos os que máis organizado tiñamos este bacharelato. Informámonos da apertura inminente dun prazo para que os Institutos de Educación Secundaria que así o desexen soliciten a incorporación a este bacharelato de excelencia o vindeiro curso académico. Pedímosvos que se algún centro contacta convosco para solicitar información o remitades á coordinación do STEMbach (stembach@udc.gal) ou á nosa web.

- O mércores 29 de maio tivo lugar o acto de clausura e entrega de diplomas aos alumnos e alumnas da Costa da Morte que cursaron a 2ª edición do Programa de Democratización do Coñecemento, Formación Universitaria para Maiores de 50 anos, que impulsa a Universidade Sénior en colaboración co GDR "Costa da Morte". O grao de satisfacción do alumnado foi alto, pois se nos pediu que repetíssemos a experiencia o vindeiro ano.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

**a) Adiantos sobre resolucións provisionais**

Que a Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, na reunión do pasado día 22 de maio de 2019, decidiu autorizar a petición dos adiantos do 50% da anualidade concedida para o ano 2019 para proxectos de menos de 30.000€ e do 30% para proxectos de máis de 30.000€ nos “Proxectos de I+D de Generación de conocimiento” e “Retos de Investigación”, en fase de concesión provisional por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, convocatoria 2018.

A dita autorización permite que os investigadores responsables dos proxectos poidan executar o gasto (dentro do límite autorizado) mentres non se publica a resolución definitiva destas axudas, máis non poderán contratar persoal. Os importes totais que se permiten adiantar son de 27.705€ para o programa “Generación de conocimiento” e de 269.327,50€ para o programa “Retos de investigación”.


**b) Reordenación da planificación do gasto dos proxectos**

Tendo en conta que o proxecto remata no mes de abril de 2021 e que a contratación de persoal require dun mínimo de dous meses de antelación para a súa tramitación, non é posible executar a cantidade de 50.810€ se non se dispón do crédito antes de 2021. O plan de pagos do ministerio non implica que o gasto se execute nesas anualidades, senón que se pode distribuír ao longo do prazo de execución do proxecto. Polo tanto, para que o proxecto se poida executar correctamente, a Comisión de Asuntos Económicos autoriza a petición do adianto da anualidade 2021 no primeiro trimestre de 2020.

**c) Vaise proceder á entrega do I Premio de TFG e TFM para estudantes o 5 de xuño de 2019.**

**d) Validacións e imputacións**

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08
Observacións		Asinado	31/07/2019 10:11:20
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==		Páxina 7/12





Imputacións para informar na CAE 22.05.2019		
Resolución de imputación	data	importe
Núm 10-2019	08.04.19	353.732,00
Núm 11-2019	25.04.19	223.046,47
Núm 12-2019	14.05.19	153.440,60
Núm 13-2019	16.05.19	161.277,94
	<b>total imputado:</b>	<b>891.497,01 €</b>
Validacións CAE 22.05.2019		
Resolución núm. 4-2019	169 solicitudes	<b>426.915,42 €</b>
Contabilizados para informar na CAE 22.05.19		
Resolución núm. 3-2019	50 solicitudes	<b>512.252,12 €</b>

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- Dentro do ciclo de conferencias da cátedra Jorge Juan o pasado 7 de maio interveu o catedrático da Universidade de Deusto e historiador Fernando García de Cortazar. A próxima conferencia está programada para este xoves 6 de xuño
- O Ciclo Café con Ciencia realizado en colaboración coa empresa tecnolóxica Artabro Tech trouxo o pasado venres a Ferrol ó investigador Carlos de la Cruz responsable de Regulación e Asuntos Científicos na compañía Nespresso.
- A sección de Cultura do Campus está a desenvolver o programa “roteiros para ferrolanear” trátase de rutas urbanas e rurais abertas á cidadanía. Na primeira xa realizada fíxose un percorrido pola cidade para descubrir o vínculo que une a Ferrol co movemento das Irmandades da Fala. A seguinte está prevista para o sábado 15 de xuño con un percorrido polos muíños de Esmelle.
- O xoves 6 de xuño as 12:00 na sala anexa do Salón de Actos Concepción Arenal inaugurarase a exposición “Mulleres na industria dos videoxogos” que permanecerá aberta ata o día 28.

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	8/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		







- Dende o pasado 16 de maio a biblioteca da EPS leva o nome de Ángela Ruiz Robles, unha mestra e educadora que entre outros moitos traballos desenvolveu unha enciclopedia mecánica considerada a precursora do libro electrónico.
- Lembrar que o 14 de xuño a Facultade de Dereito acollerá a VI edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero baixo o lema (RE)CONSTRUÍNDO O COÑECEMENTO. Esta actividade que vense realizando dende o ano 2013 está organizada de maneira conxunta polas unidades de igualdade das tres universidades galegas, como punto de encontro e reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero.
- Na última reunión da sectorial de Sostenibilidade da CRUE nas sesións plenarias falou-se do Fomento do Reciclaxe empregando contedores intelixentes; Promoción da saúde a través do programa “Freno al Ictus” e da iniciativa “Fridays for Future”

Ademais dende os distintos grupos de traballo informouse ente outros dos seguintes asuntos:

- Grupo Universidades Saudables: Estase a realizar un estudo sobre o uso e abuso das TICs e os seus factores asociados, neste momento está en fase piloto
- Grupo de Políticas de Xénero: Incidiuse no interese de implementar a docencia e a investigación con perspectiva de xénero que ademais de tratarse dunha esixencia legal, incide directamente na sensibilización social e na ampliación do coñecemento.
- Grupo de Participación e Voluntariado: Estase a preparar un concurso de vídeos baixo o lema “Universidades sen plásticos”. Pódese ter acceso as bases para posibles participacións.

O xerente informou do seguinte:

### BONUS DA MUTUA DE ACCIDENTES POLOS RESULTADOS DE SINISTRALIEDADE NA UDC

Como consecuencia dos resultados da sinistralidade na Universidade da Coruña no ano 2018 e, en aplicación do incentivo previsto no Real Decreto 231/2017, do 2 de marzo, polo que se regula o establecemento dunha redución das cotizacións por contingencias profesionais ás empresas que diminuísen de xeito considerable a sinistralidade, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social resolveu estimar a solicitude e aboar 48.548,30 € á Universidade da Coruña.

### CAMBIO DE CRITERIO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO CENTRAL (TEAC) SOBRE O IVE SOPORTADO NA INVESTIGACIÓN –BÁSICA OU APLICADA-

O IVE, como aquel imposto que recae sobre o consumo, grava as entregas de bens e prestacións de servizos realizadas por empresarios ou profesionais. En virtude do artigo 20. Un. 9 LIVA o ensino universitario atópase exento deste imposto, e por tanto, todas as cotas de IVE soportado pola actividade de educación non serán deducibles. Porén, na actividade que desenvolve a Universidade atópase tamén a actividade investigadora. A deducibilidade do IVE na investigación foi un tema moi controvertido nos últimos anos.

- Primeira postura da Axencia Tributaria.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08
<b>Observacións</b>		Asinado	31/07/2019 10:11:20
<b>Url De Verificación</b>	<b>Páxina</b>		9/12
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		



Ata 2015-2016, a Axencia Tributaria consideraba que a investigación básica (entendendo aquela financiada por fondos públicos e cuxos resultados non se explotan empresarialmente, polo menos de forma inicial) estaba relacionada coa educación, e por tanto, sería deducible na porcentaxe de ratear da Universidade (calculado en función do total de operacións realizadas no ano). Con todo, a Audiencia Nacional considerou en diversas sentenzas, posteriormente confirmadas polo Tribunal Supremo, que non cabe esa automática vinculación entre investigación básica e educación, e por tanto, admitiuse a deducibilidade ao 100% de todas as cotas de IVE soportado na investigación –básica ou aplicada-.

- Ano 2018: cambio de criterio do Tribunal Económico-Administrativo Central (TEAC).

A finais do 2018 o TEAC dita diversas resolucións nas que cambia de criterio cuestionando que a Universidade realice unha actividade empresarial pola denominada investigación básica, e por tanto, situando a controversia nun extremo diferente ao que fora obxecto de pronunciamento polos Tribunais.

No canto á investigación aplicada, o TEAC entende que hai explotación empresarial e por tanto, todas as cotas de IVE soportado son deducibles ao 100%. O problema xorde co que o propio TEAC considera investigación básica cuxa finalidade, entende, é trasladar o coñecemento á sociedade, sen ánimo de explotación empresarial dos resultados. Entende por tanto que a investigación básica non pode cualificarse como actividade empresarial para os efectos do IVE. Así, a investigación básica, en tanto non poida se relacionar cunha actividade de investigación aplicada posterior pola que se repercute IVE, só será deducible na porcentaxe de ratear ao considerar que se trata de gastos xerais que contribúen ao renome da Universidade no ámbito da investigación.

Este cambio de criterio supón que, toda aquela investigación básica que non pode vincularse cunha actividade de investigación aplicada posterior será deducible só na porcentaxe de ratear. Estas resolucións do TEAC xa foron obxecto de recurso ante a Audiencia Nacional que será a que se pronuncie de novo acerca da dedución das cotas de IVE da denominada investigación.

Nestes días, e cun prazo que remata o vindeiro 18 de xuño, na UDC estase a traballar na presentación de documentación xustificativa e de escritos de alegacións, tanto no que se refire ao IVE da investigación aplicada como da porcentaxe de gastos xerais do IVE da investigación básica, ante a Axencia Tributaria do Estado, coa finalidade de acadar a meirande contía posible de devolución do IVE correspondente a Investigación no exercicio 2018. Cando teñamos resolución da Delegación en Galicia da Axencia Tributaria do Estado, informarase a este Consello de Goberno.

**SEMINARIO DE XERENCIAS EN MURCIA OS DÍAS 30 E 31 DE MAIO.**

Os pasados días 30 e 31 de maio en Murcia, o reitor na súa calidade de presidente da Sectorial de Xerencias, e o xerente, participaron nas actividades do Seminario de Xerencias. En concreto, expúxose a problemática do cambio de criterio do TEAC respecto do IVE de investigación explicada anteriormente e o xerente participou como moderador da Mesa Redonda sobre a Axenda 2030.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	10/12
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		





## ACORDOS:

1. Aprobouse a Declaración do estado de emerxencia climática e ecolóxica segundo figura no **anexo III** da presente acta
2. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 30 de abril de 2019
3. Aprobáronse os contratos e convenios (5 marco, 18 específicos e 79 de prácticas)– **anexo IV**
4. Acordouse inadmitir o recurso interposto pola directora da Escola de Turismo (CENP) contra o acordo adoptado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña na súa sesión do 3 de abril de 2019, polo que se aproba a proposta de desascrición da Escola Universitaria de Turismo (CENP) da Universidade da Coruña e a creación dun novo centro propio de turismo da UDC para a impartición da titulación de Grado en Turismo – **anexo V**
5. Acordouse desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra a resolución dos Premios á excelencia académica no bacharelato do curso 2018/2019 aprobada polo Consello de Goberno do 28/11/2018 – **anexo VI**
6. Acordouse aprobar a autorización de transferencia de crédito solicitada polo Instituto Universitario de Estudos Europeos para a adquisición de fondos bibliográficos relacionados coa Unión Europea por un importe de 1500€ - **anexo VII**
7. Acordouse aprobar a cobertura de vacantes na Comisión de Publicacións coa incorporación de Daniel López López, Enma López Bahut, M<sup>a</sup> Elena Alfaya Lamas e Ernesto Vázquez-Rey Farto (estudante de 3<sup>o</sup> ciclo) - **anexo VIII**
8. Aprobouse, por 29 votos a favor, 1 en contra e 6 abstencións, a modificación do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da UDC – **anexo IX**
9. Aprobouse a proposta de novos membros da Comisión de Prácticas – **anexo X**
10. Aprobouse o Regulamento de réxime interno do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). **anexo XI**
11. Aprobouse o calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o curso 2019-2020 coa condición de ampliar o segundo prazo de matrícula do 11 ao 18 de marzo de 2020 – **anexo XII**
12. Aprobouse a proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios- **anexo XIII**
13. Aprobouse a proposta de convocatoria de concurso de PDI contratado - **anexo XIV**
14. Aprobouse a autorización de comisión de servizos –**anexo XV**
15. Aprobouse a proposta de autorización de permuta – **anexo XVI**
16. Aprobouse a autorización de licenzas de PDI– **anexo XVII**

Código Seguro De Verificación	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	11/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>		






17. Aprobouse a proposta de criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de axudantes doutores/as no curso académico 2019/2020 con fin de consolidar o emprego temporal– **anexo XVIII**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:44 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5cff57d811cad174688b4810>

(coa pegada dixital SHA-1: 1746819ADF1140EA437DAF319AB06851AFDAFDBA)

<b>Código Seguro De Verificación</b>	r1skwLqoCdv591q6KMU04A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	12/12	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==">https://sede.udc.gal/services/validation/r1skwLqoCdv591q6KMU04A==</a>			